

Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (procedemento IN514B).

A política desenvolvida pola Consellería de Innovación e Industria no marco das competencias que lle atribúe o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que establece a súa estrutura orgánica, está dirixida a apoiar, entre outros aspectos, a excelencia e a calidade empresarial incentivando diversas actuacións que contribúan á implantación de novas formas de xestión nas Pemes.

É responsabilidade dos poderes públicos galegos sensibilizar as empresas e organizacións empresariais sobre os beneficios que achega a implantación de modelos de xestión e organización, encamiñados a facer evolucionar as empresas e organizacións cara á mellora continua, con actuacións en materia de xestión da calidade, do ambiente, da prevención de riscos laborais, da I+D+I, entre outros, e en materia de responsabilidade social empresarial (RSE).

Con estes obxectivos, e nun contorno de fluctuacións económicas, as medidas previstas nesta orde contribuirán a amortecer as posibles incidencias na competitividade das Pemes galegas.

De acordo co anterior, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, acorda realizar unha convocatoria de axudas dirixidas ás pequenas e medianas empresas galegas (Pemes) para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, articulando, por unha banda, un procedemento de selección de entidades colaboradoras que facilitarán a xestión destas axudas e, por outra banda, un procedemento para que as Pemes poidan acceder a elas.

Por todo iso, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

Así mesmo, por medio desta orde convócanse as referidas subvencións para o seu desenvolvemento nos anos 2008 e 2009.

Artigo 2º.-*Réxime das subvencións.*

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O procedemento de concesión destas subvencións quedará suxeito ao regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE do 28-12-2006), en virtude do cal a contía global de axudas *de minimis* non poderá superar o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Polo que respecta ás axudas ás empresas que operan no sector do transporte por estrada este límite debería fixarse en 100.000 €. Estes límites aplicaranse independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2º do citado regulamento.

Artigo 3º.-*Actuacións e gastos subvencionables.*

1. Descrición das actuacións e gastos subvencionables.

a) Actuacións anuais que se van realizar no ano 2008.

Tipo a.1) Actuacións de implantación e certificación de sistemas de xestión.

Proxectos de finalización da implantación e de certificación de sistemas de xestión correspondentes os referenciais recollidos no anexo A, que cumpran cos seguintes criterios:

-Que en anos anteriores se implantase maioritariamente o referencial e que no ano 2008 remate a implantación e sempre se realice a correspondente certificación.

Gastos subvencionables.

Gastos de consultoría e asistencia para rematar a implantación e gastos de certificación.

Tipo a.2) Actuacións de certificación de sistemas de xestión.

Proxectos de certificación de sistemas correspondentes aos referenciais recollidos no anexo A, que cumpran cos seguintes criterios:

-Que en anos anteriores se implantase totalmente o referencial e que no ano 2008 se certifique o mesmo.

Gastos subvencionables.

Gastos de certificación.

Tipo a.3) Actuacións de certificación de metodoloxías de desenvolvemento de software.

Proxectos de certificación das metodoloxías de desenvolvemento de software segundo os referenciais recollidos no anexo B.

Gastos subvencionables.

Gastos de certificación.

Tipo a.4) Actuacións da elaboración e verificación de memorias de RSE.

Proxectos de elaboración e verificación de memorias de RSE relativas ao ano 2007 que cumplan cos seguintes criterios:

-Que se elabore e se verifique no ano 2008.

Gastos subvencionables.

Gastos de consultoría e asistencia para a elaboración e gastos de verificación.

b) Actuacións plurianuais que se van realizar no 2008 e 2009.

Tipo b.1) Actuacións plurianuais de implantación e certificación de sistemas de xestión.

Proxectos de implantación e certificación de sistemas de xestión correspondentes aos referenciais recollidos no anexo A que cumpran cos seguintes criterios:

-Que no ano 2008 se comece coa implantación do referencial ou se implante na totalidade.

-Que no 2009, se é o caso, se remate a implantación e se realice sempre a certificación.

Gastos subvencionables.

Gastos de consultoría e asistencia para a implantación e gastos de certificación.

2. Consideracións xerais sobre os gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2008 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 15 destas bases reguladoras. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

Para as actuacións plurianuais entenderase que os investimentos realizados desde a data límite de xustificación do exercicio corrente ata o final de ano corresponderán á anualidade seguinte e, por tanto, poderanse presentar para o cobramento da devandita anualidade.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os provedores dos bens ou servizos están suxeitos ás condicións legais sobre a subcontratación de actividades subvencionadas citadas no artigo 17º destas bases reguladoras e, en todo caso, non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, agás que concorran as circunstancias previstas no artigo 27.7º d) da Lei 9/2007.

Na solicitude de axuda deberase identificar que tipo de actuación se vai realizar segundo o establecido no artigo 3º.1.

3. Actuacións e gastos non subvencionables.

Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación desta orde as seguintes actuacións:

a) As actuacións realizadas polas empresas a que lle foron concedidas subvencións polas actuacións realizadas para o mesmo proxecto en anos anteriores.

b) As actuacións realizadas no ano 2008 que inclúan conxuntamente a total implantación dun referencial e a súa certificación.

Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación desta orde os seguintes gastos:

a) Os gastos correntes de persoal e calquera outro derivado da actividade habitual da solicitante.

b) Os gastos correspondentes á renovación de certificados.

c) O importe do IVE (imposto do valor engadido).

Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

A axuda poderá acadar o 50% do investimento subvencionable para cada proxecto sempre que exista crédito, e como máximo acadar as seguintes contías:

a) No caso do tipo a.1) actuacións de implantación e certificación de sistemas de xestión 1.500 € para a fase de implantación e 2.500 € para a certificación por referencial a implantar e certificar.

Por non subvencionarse as fases de implantación realizadas en anos anteriores, deberase presentar copia das facturas emitidas en todas as fases de implantación establecendo a contía delas e a anualidade na que se desenvolveron.

b) No caso do tipo a.2) actuacións de certificación de sistemas de xestión 2.500 € por referencial a certificar.

c) No caso do tipo a.3) actuacións da certificación de metodoloxías de desenvolvemento de software 10.000 €.

d) No caso do tipo a.4) actuacións da elaboración e verificación de memorias de RSE 14.000 €.

e) No caso do tipo b.1) actuacións plurianuais de implantación e certificación de sistemas de xestión

6.500 € por referencial a implantar e certificar (4.000 € para a implantación completa e 2.500 € para a certificación).

Establécese como subvencionables un máximo de 3 proxectos por entidade beneficiaria.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 50% do custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 5º.-Financiamento da Consellería de Innovación e Industria.

Para a concesión destas axudas, que terán a modalidade de subvención, destinaranse os créditos globais das aplicacións orzamentarias que se indican a seguir:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Ano 2008 (€)	Ano 2009 (€)
10.04.741A.770.0	Achegas para a promoción e internacionalización e mellora da competitividade das empresas.	1.000.000	1.500.000
10.04.571A.770.0	Achegas para o desenvolvemento da Sociedade da Información.	78.895	0

A distribución orzamentaria da aplicación 10.04.571A.770.0 será do 100% para as actuacións establecidas no tipo a.3) do artigo 3º.1 das bases, tendo en conta que, cando non se esgote o crédito estipulado para as actuacións subvencionables deste tipo por carencia de proxectos adecuados ao obxecto, o remanente se poderá aplicar a proxectos presentados por empresas relacionadas coa sociedade da información ao abeiro desta orde.

A aplicación 10.04.571A.770.0 Achegas para o desenvolvemento da sociedade da información está financiada con fondos do Ministerio de Industria Turismo e Comercio en virtude da addenda do 15 de decembro de 2006 ao Convenio Marco de Colaboración co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do 16 de xuño de 2006 para o desenvolvemento do Programa Peme Dixital no marco do Plan Avanza para o cal se realizará a incorporación de crédito correspondente.

Estas cantidades poderanse incrementar como consecuencia de maior dispoñibilidade orzamentaria co fin de atender todas as solicitudes.

Artigo 6º.-Entidades colaboradoras.

Para os efectos desta orde, poderán ser entidades colaboradoras as entidades privadas con personalidade xurídica e con domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia que acrediten as condicións de solvencia que se establecen no artigo 7º.3 e que correspondan a algún dos seguintes tipos:

Tipo 1.-Entidades avaliadoras da conformidade (certificadoras) debidamente acreditadas pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC)

Tipo 2.-Entidades consultoras que realicen actividade relacionada coas accións de implantación de modelos de xestión ou actividades de elaboración de memorias de RSE.

Non poderán acadar a condición de entidade colaboradora as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia, aínda que realice actividade empresarial.

Segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá formalizarse un convenio de colaboración entre o órgano administrativo concedente e as entidades colaboradoras, no cal se regularán as condicións e obrigas asumidas por estas, e que figura como anexo I desta orde.

As entidades colaboradoras seleccionaranse de acordo co procedemento que se establece no artigo 7º destas bases, con suxeición ao establecido na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 7º.-Solicitud para acadar a condición de entidade colaboradora, selección e notificación.

Poderán adquirir a condición de entidade colaboradora aquelas entidades que reunan os requisitos establecidos no artigo anterior e que o soliciten no prazo de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, deberán presentar no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, a través da ferramenta informática internet expres (procedemento IN514B) establecida na oficina virtual da Consellería de Innovación e Industria sita no enderezo da internet www.conselloriaiei.org, a documentación que se relaciona no punto 1, 2 e 3 deste artigo (solicitud (anexo II), documentación xurídico-administrativa e documentación relativa á solvencia).

Para iso, o representante legal da entidade colaboradora deberá dispor dun certificado dixital en vigor emitido por unha entidade recoñecida que permita a sinatura electrónica.

A documentación que a entidade colaboradora teña que achegar á Administración pública farase sempre con copias dixitalizadas, cuxa fidelidade co original se garantirá mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada segundo o establecido no artigo 35 da Lei 11/2007, do 23 de xuño de 2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

A Administración pública, segundo o artigo 35 da Lei 11/2007, do 23 de xuño de 2007, poderá solicitar do correspondente arquivo o cotexo do contido das copias achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo e con carácter excepcional, poderá requirirle ao particular a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

Para iso, o interlocutor único da entidade colaboradora deberá dispor dun certificado dixital en vigor

emitido por unha entidade recoñecida, que permita a sinatura electrónica.

Soamente terán validez ante o rexistro telemático os certificados dixitais expedidos a nome de persoas físicas, conforme a Lei 59/2003, do 19 de decembro, da sinatura electrónica.

Documentación que hai que presentar no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia:

1. Solicitude segundo o modelo establecido no anexo II (folia 1) (publicarase no *Diario Oficial de Galicia* exclusivamente para os efectos informativos), que conterá os seguintes datos, declaracións e manifestacións:

- a) Identificación da entidade
- b) Identificación do representante legal da entidade colaboradora.
- c) Identificación do interlocutor único da entidade colaboradora, que será a persoa designada para a resolución de cantas dúbidas xurdan na tramitación das axudas e a que garantirá a fidelidade das copias dixitalizadas achegadas mediante a utilización da súa sinatura electrónica avanzada. A persoa que actúe coma interlocutor único poderá ser, así mesmo, o representante legal da entidade colaboradora.
- d) Declaración expresa de coñecer o contido das bases e o do convenio.
- e) Declaración expresa de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.
- f) Modalidade de participación como entidade colaboradora (tipo 1 ou tipo 2).
- g) Declaración de que non actuará como entidade colaboradora naquelas empresas que queiran acceder á axuda e que estean vinculadas con ela ou cos seus órganos directivos ou xestores, nin cando concorran nelas ningunha das prohibicións previstas no número 7 do artigo 27 da Lei 9/2007.
- h) Declaración expresa de coñecemento de que a solicitude para acadar a condición de entidade colaboradora implica a autorización ao órgano xestor para obter información telematicamente con outras AA.PP. sobre o cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e coa Seguridade Social, ou denegación da devandita autorización.
- i) Declaración de coñecemento de que calquera notificación se practicará utilizando algún medio electrónico segundo o establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- j) Declaración da comunicación de calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.

2. Documentación xurídico-administrativa de acreditación da personalidade da entidade colaboradora:

- a) CIF da entidade colaboradora en vigor.
- b) Documento público acreditativo de poder suficiente para actuar ante a Administración pública en nome e representación dunha persoa xurídica. Estes documentos deberán ser os de otorgamento do poder ou, de ser o caso, o do nomeamento do representante. Esta documentación, que deberá estar en vigor na data de presentación da solicitude, ten que presentarse íntegra e nela deberá figurar a súa incrición no rexistro que legalmente lle puiden corresponder.
- c) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde realizarán os ingresos da consellería á entidade colaboradora, na cal conste a razón social e o CIF da entidade colaboradora, así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.
- d) No caso de que a entidade colaboradora denegue expresamente no formulario da solicitude (punto 1) a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio as certificacións acreditativas de estar ao día das obrigas coas administracións públicas, deberán achegar os seguintes certificados:

1. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que a entidade colaboradora deba presentar os certificados sobre o cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e coa Seguridade Social, na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

3. Documentación relativa á solvencia:

Entidades colaboradoras do tipo 1:

Certificado emitido por ENAC onde se especifiquen as normas ou os sectores de actividades para os cales están acreditados pola devandita entidade segundo a norma 45011.

Entidades colaboradoras do tipo 2:

Acreditación de que conta con recursos humanos cualificados para prestar a colaboración e de que, polo menos, contan cunha experiencia de 3 anos na

realización de proxectos da mesma natureza (anexo II folia 2).

A consellería, á vista da documentación presentada, poderá solicitar aclaracións desta.

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora, a través da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos no rexistro telemático da Xunta de Galicia mediante a ferramenta informática e con documentos dixitalizados e sinatura electrónica do representante legal, o que en ningún caso servirá para ampliar prazos para acreditar ou reunir os requisitos de solvencia establecidos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas resulta que non pode acreditarse que a entidade se atope ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Finalizado o prazo de emenda e en función do cumprimento dos requisitos exixidos, a consellería resolverá aceptando ou denegando a condición de entidade colaboradora, e notificará individualmente a través de medios electrónicos.

Unha vez asinado o convenio de colaboración entre as entidades seleccionadas como colaboradoras e a Consellería de Innovación e Industria, publicarase a relación das asinantes deste no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da consellería.

Artigo 8º.-Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as empresas privadas con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, que reúnan a condición de pequena e mediana empresa (PEME).

Non se considerarán beneficiarias as empresas que operan nos sectores da pesca e da acuicultura, na produción primaria, transformación e comercialización dos produtos agrícolas e no sector do carbón segundo as condicións que se especifican no artigo 1 do regulamento comunitario 1998/2006, de *minimis*.

Para estes efectos considerarase PEME a empresa que empregue menos de 250 traballadores, e cuxo volume de negocio anual non exceda 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda 43 millóns de euros, así como que cumpra co criterio de independencia segundo os criterios definidos na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003. Para o cómputo e límites sinalados no

caso de empresas asociadas ou vinculadas efectuarase tal e como dispoñen os números 2 e 3 do artigo 6 do anexo da antedita recomendación.

Para ser beneficiaria terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9º.-Procedemento para acceder ás axudas.

Após a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de entidades colaboradoras o procedemento para acceder ás axudas será o seguinte:

1. Presentación da solicitude por parte da empresa beneficiaria para acceder ás axudas.

2. Presentación da solicitude de concesión da axuda por parte da entidade colaboradora

1. Presentación da solicitude por parte da empresa beneficiaria para acceder ás axudas.

A empresa beneficiaria deberá presentar a solicitude para acceder ás axudas da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información exclusivamente a través das entidades colaboradoras e que se indican a seguir:

a) Cando se trate de actuacións de certificación a solicitude, deberá presentarse a través da entidade colaboradora do tipo 1 (prevista no artigo 6º) elixida polo solicitante.

b) Cando se trate de actuacións consistentes na implantación e certificación de modelos de xestión e de elaboración e verificación de memorias de RSE, a solicitude deberá presentarse a través da entidade colaboradora do tipo 2 (previstas no artigo 6º) elixida polo solicitante.

As entidades colaboradoras non poderán estar vinculadas coa empresa solicitante, de conformidade co artigo 29.7º d) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento.

O prazo máximo para a presentación da documentación das empresas beneficiarias ante a entidade colaboradora elixida será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución pola que se dá publicidade ás entidades colaboradoras no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que terá que presentar a posible empresa beneficiaria deberá ser orixinal ou copia compulsada e será a seguinte:

a) Anexo III, que inclúe:

1) Manifestación do seu interese en acceder ás axudas establecidas nestas bases.

2) Declaración expresa de que coñece e admite as condicións establecidas nestas bases e cumpre cos requisitos establecidos nelas.

3) Declaración expresa de que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do

artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

4) Declaración expresa de que a devandita empresa pertence á categoría de PEME, de acordo cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

5) Declaración expresa de que non opera nos sectores da pesca e da acuicultura, na produción primaria, transformación e comercialización dos produtos agrícolas e no sector do carbón segundo as condicións que se especifican no artigo 1 do regulamento comunitario 1999/2006, *de minimis*.

6) Declaración expresa de que consenten a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no rexistro creado polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

7) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións suxeita a réxime *de minimis*, así como calquera outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos, procedentes de calquera administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

b) Copia de ofertas de, como mínimo, 3 provedores diferentes, segundo o establecido no artigo 28.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do investimento (sen IVE) supere a contía de 12.000 €, e memoria xustificativa de elección do provedor nos seguintes casos: 1) cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, 2) cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que a a subministren ou presten, 3) cando o gasto se realízase con anterioridade á solicitude de subvención, feito que se acreditará nesta memoria xustificativa mediante factura co seu correspondente pagamento.

c) CIF da empresa solicitante en vigor. Se o CIF que se presentará dispón de código electrónico de verificación coa AEAT, poderá presentar copia simple.

d) De ser o caso, se o solicitante é un empresario individual, DNI, NIE ou documento que acredite a personalidade.

e) Documento público acreditativo de poder suficiente para actuar ante a Administración pública en nome e representación dunha persoa xurídica. Estes documentos deberán ser os de outorgamento do poder ou, de ser o caso, o do nomeamento do representante. Esta documentación, que deberá estar en vigor na data de presentación da solicitude, ten que presentarse íntegra e nela deberá figurar a súa inscrición no réxistro que legalmente lle puiden corresponder.

f) Escritura pública de constitución e estatutos, modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da inscrición no rexistro correspondente.

g) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

h) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

i) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) sobre a situación censual en referencia ao imposto de actividades económicas (IAE)

2. Presentación da solicitude de concesión da axuda por parte da entidade colaboradora.

Unha vez comprobada a idoneidade da documentación e o cumprimento dos requisitos das empresas solicitantes sinalada no punto 1 deste artigo, as entidades colaboradoras presentarán para cada proxecto unha solicitude de concesión de axuda ante a Consellería de Innovación e Industria

O prazo máximo de presentación de solicitudes de concesión da axuda será de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación da resolución pola que se dea publicidade ás entidades colaboradoras no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude deberá presentarse no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia (ver artigo 7º) a través da aplicación informática que estea dispoñible na oficina virtual da Consellería de Innovación e Industria, achegando a seguinte documentación:

Na solicitude constarán, cando menos, os seguintes datos:

-Datos da empresa beneficiaria.

-Data da solicitude por parte da empresa beneficiaria para acceder ás axudas.

-Descrición e características dos investimentos.

-Cronograma das actuacións.

-Relación das axudas solicitadas ou concedidas por parte da beneficiaria.

-Declaración expresa da entidade colaboradora de que as beneficiarias non están vinculadas con ela para desenvolver as actividades subvencionadas, de conformidade co artigo 29.7º d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento.

-Certificación da verificación do cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde para ter a condición de beneficiario e da idoneidade da documentación xurídico-administrativa da personalidade das empresas solicitantes exixida no punto 1 deste artigo.

Artigo 10º.-*Órganos competentes.*

O órgano competente para a instrución do procedemento de selección de entidades colaboradoras e da proposta de concesión de axudas aos beneficia-

rios será a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

A resolución do procedemento, tanto para a selección de entidades colaboradoras como para a concesión de axudas aos beneficiarios, corresponderá ao conselleiro de Innovación e Industria.

Artigo 11º.-Instrución do procedemento.

O criterio que a Consellería de Innovación e Industria adoptará na concesión das subvencións, efectuarase respectando a data e a hora da súa entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, sen comparación con outras solicitudes e ata o esgotamento do crédito dispoñible, e sempre que se cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

O resto das solicitudes quedará en reserva para seren atendidas co crédito que quedase libre, se se producir algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados.

Aquelas solicitudes aceptadas pola Consellería de Innovación e Industria cuxa xustificación non poida materializarse nas condicións especificadas nestas bases dentro da anualidade en que foron aceptadas ou aquelas en que se renuncie á subvención concedida, deberán cummunicarlle a esta consellería para o efecto da anulación dos devanditos expedientes e a adopción, se é o caso, das medias adecuadas para liberar os créditos correspondentes.

Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde de axudas ou na normativa de aplicación, ou ben por insuficiencia de crédito orzamentario, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen perxuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario, e, no caso de esgotamento de crédito, a administración deberá publicar no DOG a indicada circunstancia, o que levará consigo a non admisión das solicitudes posteriores, sen perxuízo de que a administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Artigo 12º.-Resolución e notificación.

A Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información formulará a proposta de

resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de nove meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

A resolución de concesión notificarase ás entidades colaboradoras mediante medio electrónico, especificándose as empresas beneficiarias, os proxectos obxecto da axuda, as cantidades concedidas e a finalidade das axudas. Así mesmo, as notificacións das resolucións denegatorias realizaranse do mesmo xeito, especificándose as empresas, os proxectos e os motivos de denegación das axudas.

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na web da Consellería de Innovación e Industria as empresas beneficiarias, as cantidades concedidas e a finalidade das axudas.

Artigo 13º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

O prazo para a interposición dos recursos referidos á resolución de concesión das axudas contarase a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación das empresas que foron beneficiarias da axuda.

Artigo 14º.-Aceptación e renuncia.

Sen perxuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación desta sen que o intere-

sado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, enténdese que a acepta, e adquire, desde ese momento, a condición de beneficiaria.

A renuncia á subvención poderase facer por calquer medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, sempre e cando se tramite a través da entidade colaboradora e no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia.

No caso de que se comunique a renuncia, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 90/1992.

Artigo 15º.-Xustificación e pagamento das axudas.

Para cobrar a subvención concedida, a entidade colaboradora deberá presentar ata o día 11 de decembro de cada anualidade, a documentación xustificativa que se establece a seguir, no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e mediante copia dixitalizada e sinatura electrónica (ver artigo 7º):

a) Certificado, emitido pola entidade colaboradora, de verificación do cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde ás empresas beneficiarias e da idoneidade da documentación que se lles esixe para a percepción da subvención.

b) Memoria xustificativa do proxecto executado na cal se inclúan os seguintes datos: tipo de proxecto, identificación das facturas, identificación dos pagamentos, axudas solicitadas e obtidas polo beneficiario para o mesmo proxecto, observacións e información complementaria. Tamén se certificará que se dispón de arquivo de toda a documentación vinculada co proxecto.

c) No caso da realización de actuacións anuais do tipo a.1. do artigo 2º requirirase un informe das actuacións realizadas en cada anualidade por parte da entidade consultora, especificando a data de comezo da implantación e a data do fin, así como o correspondente certificado emitido polas entidades avaliadoras de conformidade (certificadoras).

d) No caso da realización de actuacións anuais do tipo a.2. e tipo a.3 do artigo 2º bastará coa presentación do correspondente certificado emitido pola entidade avaliadora de conformidade (certificadora).

e) No caso de actuacións anuais de tipo a.4 do artigo 2º bastará coa presentación da correspondente verificación emitida pola entidade avaliadora de conformidade (certificadoras).

f) No caso da realización de actuacións plurianuais do tipo b.1. do artigo 2º, requirirase un informe das actuacións realizadas en cada anualidade por parte da entidade consultora, así como o correspondente certificado emitido pola entidade de certificación correspondente á anualidade 2009 na xustificación correspondente á devandita anualidade.

Adicionalmente, a entidade colaboradora deberá dispor da seguinte documentación en formato papel

e copia informática, que lle poderá ser requirida pola consellería ou por calquera dos órganos de control en calquera momento:

a) Documentos xustificativos emitidos polas entidades colaboradoras: facturas emitidas, en relación cos gastos subvencionables, dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto para cada anualidade, coa desagregación detallada dos distintos conceptos facturados.

b) Documentos xustificativos dos pagamentos, por parte do beneficiario, consistente en transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto para cada anualidade. Nestes documentos deberá quedar claramente identificado o receptor, o emisor e o concepto do pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

c) Declaración da empresa beneficiaria do conxunto de axudas obtidas e solicitadas suxeita ao réxime *de minimis*, así como calquera outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos, procedentes de calquera administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

d) Certificado acreditativo de que a beneficiaria das axudas esta ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

e) Certificado acreditativo de que a beneficiaria das axudas está ao día nas súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

f) Certificado acreditativo de que a beneficiaria das axudas está ao día nas súas obrigas e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) No caso de que a entidade colaboradora denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados acreditativos de estar ao día nas súas obrigas tributarias, obrigas coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá achegar a seguinte documentación, que ten que estar en vigor:

1. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A consellería poderá solicitar da entidade colaboradora ou da beneficiaria calquera información complementaria que poida considerar durante a tramitación destas axudas.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de procederen ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada e das condicións establecidas para a súa concesión.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado e xustificado teña un importe inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

O pagamento das axudas realizarase ás entidades colaboradoras e éstas terán que efectuar o pagamento a beneficiaria correspondente, segundo o disposto na cláusula de obrigas das entidades colaboradoras do convenio de colaboración.

Artigo 16º.-Obrigas das entidades colaboradoras e das empresas beneficiarias.

1. Obrigas comúns:

a) Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda Pública do Estado, da Administración autónoma así como coa Seguridade Social, para poder ser entidade beneficiaria ou, se é o caso, entidade colaboradora, así coma para proceder ao libramento económico das axudas.

b) Someteranse ás actuacións de inspección e control que esta consellería poida efectuar respecto á xestión destas axudas, e que permitan a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas, de acordo co establecido na alínea c) do artigo 11da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Dar a adecuada publicidade do carácter público do cofinanciamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o cofinanciamento pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria- Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información e, se é o caso, o cofinanciamento con fondos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no marco do Plan Avanza

d) Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión, e deberán restituír a subvención outorgada nos casos en que conorra causa de reintegro.

2. Obrigas das entidades colaboradoras:

Son obrigas das entidades colaboradoras, ademais das establecidas no número 1 deste artigo, as que figuren no convenio que se publica como anexo I desta orde.

3. Obrigas das empresas beneficiarias:

Son obrigas das empresas beneficiarias, ademais das establecidas no número 1 deste artigo as seguintes:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

b) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou excepcionalmente o que se sinale na resolución cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso potestativo de reposición.

c) Acreditar ante a entidade colaboradora, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Realizar o pagamento íntegro das facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data de xustificación establecida no artigo 15º.

Artigo 17º.-Incumprimento, reintegro e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se for o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II do reintegro de subvencións da Lei 9/2007.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007.

4. A falsidade ou inexactitude nos datos recollidos nas certificacións emitidas polas entidades colaboradoras poderá dar lugar á anulación da adhesión da

entidade colaboradora ao convenio, así como á aplicación do réxime sancionador previsto na normativa aplicable en materia de subvencións públicas.

5. A falsidade ou inexactitude nos datos e documentos achegados polas beneficiarias e polas entidades colaboradoras dará lugar á apertura do correspondente procedemento de reintegro, así como á aplicación das sancións previstas na normativa do réxime sancionador para infraccións moi graves.

Artigo 18º.-*Control.*

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 19º.-*Publicidade.*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 €, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e poderase substituír esta pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 20º.-*Protección de datos.*

A Consellería de Innovación e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa

incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto, a Consellería de Innovación e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, Edificios Administrativos Xunta de Galicia-San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases, observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO A

Referenciais subvencionables

Especificación	Descrición
UNE-EN ISO 9001	Sistemas de xestión da calidade. Requisitos
UNE-EN ISO 14001	Sistemas de xestión ambiental. Especificacións e directrices para a súa utilización
EMAS	Regulamento (CE) nº 761/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001. Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS)
OSHAS 18001	Xestión de riscos laborais
UNE 166001	Xestión da I+D+I: requisitos dun proxecto de I+D+I
UNE 166002	Xestión da I+D+I: requisitos do sistema de xestión da I+D+I
SA 8000	Responsabilidade social
SGE 21	Sistema de xestión ética e responsable
UNE 150301	Xestión ambiental do proceso de deseño e desenvolvemento-Ecodeseño
UNE-ISO/TS 16949	Requisitos particulares para a aplicación da norma ISO 9001:2000 para a produción en serie de pezas de recambio na industria do automóbil
UNE-EN 9100	Material aeroespacial. Sistemas de xestión da calidade. Requisitos (baseados na ISO 9001:2000) e sistemas da calidade. Modelo para a seguraza da calidade no deseño, desenvolvemento, produción, instalación e servizo (baseados na ISO 9001:1994)
UNE 162002-1/2	Xestión forestal sustentable. Criterios e indicadores da unidade de xestión
Certificación cadea de custodia	Certificación para comprobar que unha materia prima madeireira certificada polo PEFC procede de bosques certificados polo PEFC
ISO / IEC 27001	Sistemas de xestión da seguraza da información
UNE-EN-ISO 22000	Sistemas de xestión da seguraza alimentaria. Requisitos
IFS (<i>International Food Estándar</i>)	Estándar para auditar provedores de produtos alimenticios con marca de distribuidor
BRC (<i>British Retail Consortium</i>) Global Standard-Food	Estándar técnico para compañías de produtos alimenticios coa marca do retailista
UNE 175001	Calidade de servizo para pequeno comercio
UNE 182001	Hoteis e apartamentos turísticos. Requisitos para a prestación do servizo
UNE-EN 13816	Transporte, loxística e servizos. Transporte público de pasaxeiros. Definición da calidade do servizo, obxectivos e medicións

ANEXO B

Referenciais subvencionables

Especificación	Descrición
CMMI ou ISO-15504 (SPICE)	Metodoloxías de desenvolvemento de software

ANEXO I

Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a entidade colaboradora... para a xestión de axudas a pequenas e medianas empresas galegas convocadas pola Orde do 28 de abril de 2008 (DOG ... do ...)

En Santiago de Compostela o ...

REUNIDOS:

Dunha parte, o conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Xabier Blanco Álvarez, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, e o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Da outra parte ..., con NIF ..., actuando en nome e representación da entidade ..., debidamente facultado para subscribir este convenio,

EXPOÑEN:

I. Que a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, acordou realizar unha convocatoria de axudas dirixidas ás pequenas e medianas empresas galegas (Pemes) para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial mediante a Orde do 28 de abril de 2008.

II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes estipulacións:

Primeira.-*Obxecto da colaboración.*

O obxecto deste convenio consiste en establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e ... para xestionar as axudas convocadas na Orde do 28 de abril de 2008.

Segunda.-*Entidade colaboradora.*

A entidade ... é unha entidade colaboradora do tipo ... prevista no artigo 4 da Orde do 28 de abril de 2008, que acreditou o cumprimento dos requisitos e as condicións de solvencia previstas nas bases reguladoras contidas na devandita orde.

Terceira.-*Normativa reguladora especial.*

Para todo o non previsto neste convenio, observárase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, e no resto da normativa que resulte de aplicación.

Cuarta.-*Prazo de duración.*

Este convenio estará en vigor o día seguinte á súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2009.

Quinta.-*Obrigas da entidade colaboradora.*

A entidade colaboradora obrígase, ademais de ao establecido nas bases reguladoras da orde de axudas, ao seguinte:

-Empregar os medios que sexan necesarios para dar a máxima difusión posible á orde de axudas entre todos os potenciais beneficiarios, e dispor na súa web de información suficiente respecto ao seu alcance. Así mesmo, disporán, cando menos, dun teléfono e dun enderezo de correo electrónico para canalizar as consultas dos interesados.

-Asumir a tramitación e xestión ante a Consellería de Innovación e Industria das axudas das empresas beneficiarias. Neste senso, as entidades colaboradoras de tipo 1 terán que tramitar e xestionar as axudas das empresas solicitantes, cando se trate de actuacións en materia de certificación exclusivamente; no resto das actuacións subvencionables, as entidades colaboradoras que deberán tramitar e xestionar as axudas serán as de tipo 2.

-Canalizar a través de entidades colaboradoras de tipo 2, as actuacións que deban realizar as entidades colaboradoras de tipo 1, sempre que se realicen actuacións de implantación e certificación.

-Comprobar e certificar o cumprimento das condicións ou requisitos establecidos na orde de axudas para que as empresas beneficiarias obteñan a condición de beneficiario, emitindo certificación da verificación realizada.

-Presentar as solicitudes das axudas das empresas beneficiarias na forma e prazo previstos nas bases reguladoras da orde, para a súa posterior concesión ou denegación pola Consellería de Innovación e Industria.

-Desenvolver conxuntamente cos beneficiarios as accións vinculadas ás axudas concedidas.

-Comprobar e certificar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde ás empresas beneficiarias e a idoneidade da documentación que se lles exige para a percepción da subvención.

-Presentar a documentación xustificativa do desenvolvemento das actuacións como data límite o día 11 de decembro de cada anualidade, tal e como se recolle na orde de axudas.

-Achegar os fondos ás empresas beneficiarias da axuda nun prazo máximo de 1 mes desde que se produza o ingreso á entidade colaboradora da cantidade obxecto da axuda en relación á Orde do 28 de abril de 2008; para isto a entidade colaboradora deberá facer unha declaración responsable da data do devandito ingreso.

-Acreditar a entrega dos fondos ás empresas beneficiarias mediante documento que o xustifique e mediante a declaración responsable por parte da entidade colaboradora da data en que se ingresou a contía obxecto da axuda. A documentación presentárase a través da aplicación informática sita na oficina virtual da Consellería de Innovación e Industria.

-Adaptarse ás novas solucións telemáticas para a xestión e tramitación de expedientes así como para outros procesos de información continua sobre a actividade que se vai desenvolver neste convenio, adoptando para iso as medidas necesarias en canto ao acceso á internet e adopción de sinatura electrónica. Para isto, o representante legal da entidade colaboradora deberá dispor dun certificado dixital en vigor emitido por unha entidade recoñecida, que permita a sinatura electrónica.

-Presentar toda a documentación establecida na orde de axudas no rexistro telemático da Xunta de Galicia, a través de medios informáticos.

-Achegar, mediante copia dixitalizada, á Consellería de Innovación e Industria, toda aquela documentación que a entidade colaboradora ten que presentar segundo as bases da orde de axuda, cuxa fidelidade co orixinal se garantirá mediante a utilización de sinatura electrónica avanzada segundo o establecido no artigo 35 da Lei 11/2007, do 23 de xuño de 2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. A Administración pública, segundo o artigo 35 da Lei 11/2007, do 23 de xuño de 2007, poderá solicitar do correspondente arquivo o cotexo do contido das copias achegadas. Ante a imposibilidade deste cotexo, e con carácter excepcional, poderá requirir ao particular a exhibición do documento ou da información original. A achega de tales copias implica a

autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida en tales documentos

-Comunicarlle á Consellería de Innovación e Industria calquera variación que se produza nos datos inicialmente fornecidos para adherirse a este convenio, garantindo a confidencialidade dos datos subministrados polas empresas beneficiarias.

-Conservar os xustificantes orixinais e o resto de documentación relacionada coas axudas outorgadas durante un período de 5 anos desde a súa concesión.

-Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolvan.

Sexta.-Obrigas da Consellería de Innovación e Industria.

A Consellería de Innovación e Industria obrígase a pagar á entidade colaboradora a cantidade correspondente por cada proxecto concedido na resolución das axudas con cargo ás aplicacións orzamentarias 10.04.741A.770.0 achegas para a promoción e internacionalización e mellora da competitividade das empresas na cal se establece a cantidade de 1.000.000 € para a anualidade 2008 e de 1.500.000 € na anualidade de 2009 dos orzamentos da Consellería de Innovación e Industria, e 10.04.571A.770.0 achegas para o desenvolvemento da Sociedade da Información na cal se establece a cantidade de 78.895 € para a anualidade 2008 financiada con fondos do Ministerio de Industria Turismo e Comercio para o desenvolvemento do Programa Peme Dixital no marco do Plan azanza.

Sétima.-Natureza administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 3.1º d) do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios deste real decreto lexislativo para resolver as dúbidas e lagoas que puideren presentarse. Rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Consellería de Innovación e Industria posúe a prerrogativa de interpretar o convenio e resolver todas as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.-Causas de resolución.

Son causas de resolución deste convenio entre a consellería e a entidade colaboradora, o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas ou no articulado da orde de axudas, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso, así como a falsidade ou inexactitude nos datos e documentos achegados polas entidades colaboradoras.

Pola Consellería de Innovación e Industria, Fernando Xabier Blanco Álvarez, conselleiro de Innovación e Industria. Pola entidade colaboradora...



ANEXO II (Folla 1)
(modelo normalizado de solicitude de adhesión como entidade colaboradora)

PROCEDEMENTO <i>Subvencións a Pemes galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e elaboración e verificación de memorias de RSE e para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN514B	DOCUMENTO SOLICITUDE ENTIDADES COLABORADORAS
--	--------------------------------------	---

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA

RAZÓN SOCIAL DA ENTIDADE COLABORADORA			ACRÓNIMO
ENDEREZO			CIF/NIF
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO		PROVINCIA
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
DATA DE CONSTITUCIÓN	PERSOAL INDEFINIDO	PERSOAL EVENTUAL	

REPRESENTACION LEGAL

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI
Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante			
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI

INTERLOCUTOR ÚNICO

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO QUE SERÁ PUBLICADO	FAX

DECLARA EXPRESAMENTE

1. QUE todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentación SON CERTOS. 2. QUE COÑECE E ADMITE AS CONDICIÓNs do contido das bases da convocatoria e do convenio de adhesión coma entidade colaboradora e cumpre cos requisitos establecidos nela. 3. QUE NON SE ATOPA incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas no número 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 4. QUE A MODALIDADE de participación como entidade colaboradora corresponde ao: <p align="center"> <input type="checkbox"/> Tipo 1 <input type="checkbox"/> Tipo 2 </p> 5. QUE NON ACTUARÁ como entidade colaboradora daquelas empresas que queiran acceder á axuda e que estean vinculadas con ela ou cos seus órganos directivos ou xestores, nin cando concorran nelas ningunha das prohibicións previstas no número 7º do artigo 27 da Lei 9/2007. 6. QUE coñece o previsto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no referente a que a presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar os certificados que emite a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda respecto á acreditación da alta no IAE, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia. <input type="checkbox"/> (marcar cun "X", se é o caso) NON OBSTANTE O ANTERIOR, NON AUTORIZA O ÓRGANO XESTOR para solicitalos e presentará os certificados baixo a súa propia responsabilidade. 7. QUE TEN O COÑECEMENTO de que calquera notificación se practicará utilizando algún medio electrónico segundo o establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. 8. Que comunicará calquera variación que poida acontecer nos datos aquí recollidos, empregando este mesmo modelo de declaración.
--

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE (SEGUNDO O ARTIGO 7 BASES REGULADORAS)	Non presenta	Si presenta
FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POLO ANEXO II (1 FOLLA), ANEXO II (1 FOLLA)		
CIF		
DOCUMENTO PÚBLICO DO PODER CON QUE ACTÚA(N) O(S) SOLICITANTE(S)		
CERTIFICACIÓN BANCARIA ORIXINAL DA CONTA ONDE SE REALIZARÁN OS INGRESOS		
DE SER O CASO, CERTIFICACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA EN QUE SE INDIQUE A EPÍGRAFE DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS NO CAL FIGURA DADO DE ALTA O SOLICITANTE, CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E TRIBUTARIAS E DE NON TER DÉBEDAS COA XUNTA DE GALICIA		
DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A SOLVENCIA.		

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (procedemento IN514B).</i>	(Para cubrir pola Administración)	NUMERO DE EXPEDIENTE
	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA(S) QUE O REPRESENTA(N), E SELO DA ENTIDADE En _____ de _____ de _____	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /



ANEXO II (Folla 2)

Solvencia das entidades colaboradoras tipo 2 (consultora)

Acreditación de que conta con recursos humanos cualificados para prestar a colaboración e que, cando menos, contan cunha experiencia de 3 anos na realización de proxectos da mesma natureza.

Relación do persoal do cadro

Nome e apelidos	Titulacións académicas	Tipo de contrato coa empresa consultora	Experiencia profesional da mesma natureza do proxecto nos últimos tres anos		
			Denominación	Empresa en que realizou o proxecto	Ano

Os datos que se relacionan neste anexo formarán parte do registro de entidades consultoras en materia de calidade e RSE da Fundación para o desenvolvemento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e os datos xerados da consultora podense atopar na páxina web de Observatorio de Calidade



ANEXO III (Folla 1)

(Manifestación do interese de acceder ás axudas)

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO
<i>Subvencións a Pemes galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e elaboración e verificación de memorias de RSE e para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.</i>	IN514B

MANIFESTACIÓN DO INTERESE DA EMPRESA BENEFICIARIA EN ACCEDER Á AXUDA.

D/Dª

con DNI nº:

D/Dª

con DNI nº:

No nome e representación da empresa:

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA			
ENDEREZO			CIF/NIF
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	
ACTIVIDADE PRINCIPAL			

MANIFESTA

O seu interese en acceder ás axudas convocadas ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión para realizar o proxecto

PROXECTO				
Consultoría				
	Consultora	Mes de inicio	Mes de finalización	Importe sen IVE
Implantación				
Certificación				
	Certificadora	Mes de inicio	Mes de finalización	Importe sen IVE
Certificación				
E designa como entidade colaboradora para a tramitación desta axuda ante a consellería a entidade.....				

SIGNATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA(S) QUE O REPRESENTE(N), E SELO DA ENTIDADE

En

de

de

(sinatura)



ANEXO III (Folla 2)
(Manifestación do interese de acceder ás axudas)

D/Dª con DNI

D/Dª con DNI

DECLARA EXPRESAMENTE:

- 1) QUE COÑECE E ADMITE as condicións establecidas nas bases reguladoras da Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para apoiar as accións de implantación e certificación de modelos de xestión e a elaboración e verificación de memorias de responsabilidade social empresarial, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria, e CUMPRE COS REQUISITOS establecidos nelas.
- 2) QUE NON SE ATOPA incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 3) QUE ESTA EMPRESA PERTENCE Á CATEGORÍA DE PEME, de acordo cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.
- 4) QUE NON OPERA nos sectores da pesca e da acuicultura, na produción primaria, transformación e comercialización dos produtos agrícolas e no sector do carbón segundo as condicións que se especifican no artigo 1 do regulamento comunitario 1999/2006, *de minimis*.
- 5) QUE consente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no rexistro creado polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.
- 6) QUE SOLICITOU E/OU TEN CONCEDIDAS para o mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, as axudas que se relacionan a seguir:

Denominación do organismo, sociedade ou entidade pública á que lle foi solicitada axuda e disposición regulatoria.	Datas de:		Importe (en euros)	
	Solicitud	Concesión (1)	Solicitado	Concedido (2)

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase "PENDENTE" nesta columna.

(2) Nas solicitudes denegadas farase constar "0 euros" nesta columna.

- 6) QUE a citada entidade, no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios fiscais anteriores á solicitude de subvención ao abeiro desta convocatoria (risque cun "x" o que proceda):

NON OBTIVO NINGUNHA SUBVENCIÓN OU AXUDA PÚBLICA SUXEITA AO RÉXIME *DE MINIMIS*

SI OBTIVO OU SOLICITOU OUTRAS SUBVENCIÓNS E/OU AXUDAS PÚBLICAS SUXEITAS AO RÉXIME *DE MINIMIS* que son as que a seguir se relacionan.

Denominación do organismo, sociedade ou entidade pública a que lle foi solicitada axuda	Proxecto para o cal solicitou a axuda e disposición regulatoria.	Datas de:		Importe (en euros)	
		Solicitud	Concesión (1)	Solicitado	Concedido (2)

Así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas *de minimis* ou outras axudas solicite ou obteña para a mesma actuación das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA(S) QUE O REPRESENTA(N), E SELO DA ENTIDADE

En _____ de _____
(sinatura)